




Caso de vaca limusina de 3 anos



Caso de touro limusín de 5 anos

## Secuelas da enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE): dous casos clínicos

Nesta nova entrega mostramos dous casos clínicos derivados da EHE para que sirvan como exemplo da súa gravidade e instamos as autoridades competentes a que traballen para crear a vacina que poña freo a esta enfermidade, que está a causar estragos nos rabaños e, en consecuencia, na economía das granxas.



**Miguel Ángel García Rodríguez**  
Veterinario Servet Ledesma SLP

A enfermidade hemorráxica epizoótica é unha epizootia (en medicina humana denomínase epidemia) que afecta ao gando bovino, pero **non é unha zoonose, non afecta ao ser humano e o consumo de carne é completamente seguro.**

Foi claramente infravalorada polas autoridades central, autonómicas e locais. As consecuencias tanto clínicas coma económicas son moito máis serias do que previron, demostrando claramente un fallo absoluto da Rede de Alerta Sanitaria Veterinaria (RASVE) para este caso.

Poderanse poñer todas as excusas imaxinables, pero o que está absolutamente claro é que este erro non pode volver repetirse e un dos alicerces sobre os que haberá de fundamentarse o seu funcionamento a partir de agora para tratar de evitar isto no futuro pasa inequivocamente por incluír na cadea de alerta de RASVE aos veterinarios de explotación, onde empeza e acaba a acción contra brotes de enfermidade, xa que os clínicos declaramos os casos en primeira instancia, e os clínicos enfrontámonos á enfermidade para tratar de minimizar os seus efectos coas ferramentas das que dispoñemos, mentres que desde as diferentes Administracións se tratou de minimizar a gravidade desta enfermidade.

As consecuencias son moitas: abortos, infertilidade transitoria dos sementais, atrasos na aparición de celos fértiles nas femias, animais emaciados que tardan en recuperarse semanas ou non o fan, coxeadas crónicas, entre moitos

outros e, nos casos máis graves, a morte. Pódese alcanzar unha mortalidade nos rabaños máis castigados de entre o 5 e 10 % dos individuos.


### DOUS CASOS CLÍNICOS

Centrareime en dous casos clínicos de coxeira, xa que é a miña área principal de traballo no vacún de carne extensivo. Un dos signos iniciais máis visibles nos animais afectados é a coronite, é dicir, a inflamación do rodete coronario, o lugar onde nace o pezuño e desde onde se produce a substancia córnea, o “casco”.

Nalgúns casos o problema instáurase desde o principio e xa non desaparece. Noutros, o paciente recupérase co tratamento, pero, ao cabo de varias semanas despois, aparece unha coxeira severa, consecuencia en última instancia en ambos os casos dunha infosura: desprendemento das láminas dermoepidérmicas que manteñen a terceira falanxe unida ao casco e na

► PÓDESE ALCANZAR UNHA MORTALIDADE NOS RABAÑOS MÁIS CASTIGADOS DE ENTRE O 5 E 10 % DOS INDIVIDUOS

Extremidade anterior esquerda



Extremidade posterior direita




Extremidade posterior esquerda



súa posición. Ese desprendemento parece consecuencia da inflamación e as hemorraxias que o virus causa no animal infectado. Pero nada mellor que velo para entendela.

O primeiro caso é dunha vaca limusina de 3 anos, que enfermou a principios de setembro, recuperouse, pero, a mediados de outubro, empezou a desenvolver unha coxeira severa. Aparecen hemorraxias severas e moi extensas en todos os pezuños, que afectan a toda a sola e tamén á muralla, e provocan a despeadura (perda de todo o estoxo córneo) do pezuño lateral da extremidade posterior esquerda, así como a parcial dos pezuños mediais de ambas as anteriores e da lateral da posterior dereita. ►►



# RAIADO OU SALPICADO

DE SUPERFICIES DE FORMIGÓN

☎ 981 88 05 50  
 📞 641 55 06 56



## Remedio a pisos escorregadizos

- ✓ Reduce gastos veterinarios
- ✓ Aumenta a seguridade
- ✓ Aumento de celos

...

## Extremidades anteriores esquerda e dereita



► URXIMOS TANTO AOS LABORATORIOS COMO ÁS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS PARA QUE ARTICULEN UN PLAN DE CHOQUE QUE PERMITA POÑER A DISPOSICIÓN DOS SERVIZOS VETERINARIOS UNHA VACINA PARA PREVIR E CONTROLAR ESTA ENFERMIDADE

## Extremidades posteriores esquerda e dereita



## Extremidade posterior esquerda - Enfermidade de liña branca



O seguinte caso é o dun semental, tamén limusín, de 5 anos (fotos superiores), que pasou a enfermidade hai un mes e que logo empezou cunha coxeira de gravidade media, no que ás hemorragias consecuencia da EHE, hai que sumar unha das lesións máis típicas nestes animais, a enfermidade de liña branca.

Ante a gravidade das hemorragias atopadas ao longo de toda a sola, decidimos tratar a enfermidade de liña branca de maneira conservadora sen desmontar toda a muralla separada, para tentar manter a maior integridade funcional e anatómica posible nese pezuño.

Son moitos os casos informados polos nosos clientes, e que nós mesmos podemos ver a diario no campo de animais con coxeiras crónicas severas, que non só minguan o benestar dos individuos afectados, senón a súa capacidade produtiva e a economía da granxa, poñendo con iso en perigo a viabilidade dalgúnhas das explotacións, consecuencia non desdeñable e que, insistimos, debe tratarse de evitar tomando medidas que reforcen a Rede de Alerta Sanitaria Veterinaria para garantir que se manteñen os altos niveis de sanidade e benestar animal, saúde

pública e seguridade alimentaria que ten nosa gandería.

Urximos tanto aos laboratorios como ás Administracións públicas para que articulen un plan de choque que permita poñer a disposición dos servizos veterinarios unha vacina co fin de previr e controlar esta enfermidade que, aínda que non afecta á saúde das persoas nin á seguridade alimentaria, xera graves perdas económicas, ademais do devastador efecto sobre a saúde dos nosos animais. ■



## KESSENT® y LysiGEM™

LIDERANDO UNA  
GANADERÍA MÁS SOSTENIBLE

La metionina y la lisina son los dos aminoácidos esenciales más limitantes para la producción lechera en los rumiantes.

Los beneficios de la metionina y la lisina son bien conocidos pero, cuando se utilizan de forma concertada, proporcionan beneficios adicionales más allá de la suplementación con el aminoácido individual. Sin su inclusión nunca podremos llegar a maximizar ni optimizar nuestra producción.

KEMIN, como único proveedor de metionina y lisina ampliamente contrastadas, pone a su disposición KESSENT y LYSIGEM.

**KEMIN**  
RUMINANT  
ESSENTIALITIES

[kemin.com/  
ruminant-essentialities](https://kemin.com/ruminant-essentialities)

